

Miguel Vilar lidera en Rábade unha candidatura coa que pretende “governar para a maioría” acadando o cambio que precisa a vila despois de 16 anos de mandato do alcalde

Segundo explica o alcaldable, “baseamos o noso xeito de facer política no diálogo, buscando sempre o beneficio dos veciños e veciñas de Rábade por riba dos intereses de partido”.

“Fuximos sempre desa política de oposición do “non polo non” que, buscando debilitar ao rival político, esquece o interese xeral da cidadanía”, indica

Neste senso, a candidatura aposta pola participación cidadá, transparencia na xestión, a experiencia municipal polo traballo desenvolvido nos anos na oposición e “as ideas e ilusión dun equipo formado por veciños e veciñas que teñen un proxecto claro e definido para Rábade”

RÁBADE, 28 DE ABRIL DE 2015.- A agrupación socialista de Rábade aposta, unha vez máis, por Miguel Ángel Vilar para conseguir, dunha vez por todas, a alcaldía e “governar para a maioría” acadando o cambio que precisa a vila despois de 16 anos de mandato do alcalde.

Trátase dunha candidatura que conxuga a experiencia coa xuventude e que, segundo explica o alcaldable, “baseamos o noso xeito de facer política no diálogo, buscando sempre o beneficio dos veciños e veciñas de Rábade por riba dos intereses de partido”. E engade, “fuximos sempre desa política de oposición do “non polo non” que, buscando debilitar ao rival político esquece o interese xeral da cidadanía”.

Un equipo con ideas e ilusión

Fronte a forma de goberno afastado da cidadanía, “nós queremos estender o diálogo a toda a veciñanza, potenciando a participación cidadá nas decisións do Concello”, afirma Vilar. Neste senso, a candidatura aposta pola transparencia na xestión, a experiencia municipal polo traballo desenvolvido nos anos na oposición e “as ideas e ilusión dun equipo formado por veciños e veciñas que teñen un proxecto claro e definido para Rábade e que trasladaremos a toda a veciñanza durante esta campaña” anunciou o alcaldable.

Lista completa

A lista coa que Miguel Ángel Vilar se presenta aos comicios incorpora algunhas caras novas que veñen a renovar o proxecto socialista para Rábade e que se suman á experiencia dos xa veteranos. A candidatura ao completo é a seguinte:

1. Miguel Ángel Vilar Rivas
2. Alejandro Martínez Campos
3. María Luz Río López
4. Álex Anido Lobato
5. Antonio Gerardo Regueiro Roca
6. Daniel Lago Barreiro
7. María Carmen Blanco Rifón
8. Miguel Ángel Rodríguez Niñez



NOTA DE PRENSA

9. Manuel Río Lage

Suplentes

1. María Sara Huerta Barrera

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo